

EDUCACIÓN INFANTIL




Os ratos da casa. KALANDRAKA-----Oli.

Hai moito temp Uns roedores aventureiros chegan a unha casa. Buscan aloxamento, comida? Un conto rimado que, encadeando palabras, fará rir a toda a familia.

O camaleón azul. PATASDEPEIXE-----Emily Gravett

A primeira clase de inglés e galego para os máis pequenos onde aprenderán as cores coa axuda dun camaleón que se sente moi só e busca unha amiga.



PRIMEIRO CICLO




A pantufla de Celia. HÉRCULES-----Concha Blanco

Nunha tenda vive unha pantufla con forma de vaca. A xente pasae non lle fai caso. E pasou Celia que se enamorou das súas manchas brancas e negras. Pero... fatalidade! As zapatillas non se venden por separado. Conseguirá Celia a súa pantufla?

Augusta e os seus medos. XERAIS-----Sabela Fernández

Augusta é unha nena chea de soños, pero é tan medrosa que ningún se lle cumpre. Ten medo a todo. Ela non quere sentirse así, pídelles axuda aos seus pais. Agora, terá que pasar diferentes probas para decatarse de que a única forma de superar os medos é enfrontándose a eles.



SEGUNDO CICLO



O segredo da illa negra. XERAIS-----Agustín Fdez. Paz


Sara vive nunha aldea da beiramar, onde a pesca é o único medio de vida. Un día os barcos comezan a vir baleiros, só hai peixes nas proximidades da Illa Negra, onde habita unha cruel Serea. Uriel, o irmán de Sara, vai botar as redes nesas augas e alí cae prisioneiro da Serea. Entón Sara decide navegar ata a illa para liberar a Uriel, coa única axuda de tres buquinas

O misterio do lixo mutante. SUSHI BOOKS-----Carlos Freire.

Catro gatos de rúa atopan entre restos de comida unha botella cuns extraños xeroglíficos. A curiosidade por coñecer ao autor da misteriosa mensaxe levaos a vivir múltiples aventuras, escoitar historias entretidas y descubrir os segredos do mundo da reciclaxe.



TERCEIRO CICLO



Sira e o robot. XERAIS-----Marc Wiersma


Galicia, ano 2050. O inglés acaba de ser declarado lingua oficial xunto co galego. Os humanos compórtanse como robots e os robots son aparellos choromiscos que posúen o don da música. Sira, unha rapaza de dez anos cunha forte personalidade e moi imaxinativa, non acaba de atopar o seu lugar nesta sociedade.

A mamá que perdeu as cóxegas. GALAXIA-----Clara do Roxo

Historia sobre unha familia na que unha nai, experta en rir e rir e rir gozando das cóxegas, xa non o fai. Que será o que lle pasa?, por que non dorme polas noites?, que é o que lle preocupa? Serán os pequenos da casa os que consigan aclarar o enigma.



PARA PAIS E NAI S



El enigma del Platero. UNIVERSO. Guillermo Moldes.

Novela ambientada entre 1617 y la actualidad. Una aventura a caballo de dos tiempos con el ataque turco a Cangas como telón de fondo. Estreno editorial de un escritor cangués que ya va por su 3ª edición.



La primera Meiga. COACH ED. Juan J. Prieto.

Esta es la historia de María Soliño, la que ella dejó escrita, y yo, María Nova, he sido la mujer elegida para contarla... y quizás terminarla cuatro siglos después.



Visita o noso blog <http://moradabuli.blogspot.com.es/>

E síguenos no noso Facebook

<https://www.facebook.com/moradabuli>

UN VERÁN DE LECTURAS



CEIP CASTRILLÓN - COIRO 2015